



MEMORIA ANUAL 2025

persoas que apoiamos a *persoas*
e ao planeta



En Amigos levamos 25 anos traballando coa firme convicción de que cada persoa, independentemente das súas capacidades, merece a oportunidade de desenvolver o seu propio proxecto de vida. A nosa labor céntrase en ofrecer os apoios necesarios para as persoas con discapacidade intelectual, trastornos do espectro autista, parálise cerebral e as súas familias, situándoas sempre no centro de cada decisión e de cada paso que damos.

Cremos profundamente na capacidade de cada persoas para liderar o seu propio progreso. Por iso, impulsamos a inclusión real como cidadá de pleno dereito, promovendo a súa autonomía e benestar a longo prazo. O noso compromiso vai máis alá da asistencia; traballamos para transformar a realidade, contribuíndo á creación dunha sociedade diversa, cunha profunda conciencia ambiental e un respecto absoluto polo noso patrimonio e a nosa cultura.

O ano 2025 supuxo un fito no noso camiño cara á excelencia e a transparencia, reforzado polo noso compromiso cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** e a nosa aposta pola economía verde e circular. A través de **iniciativas como as nosas Ecobrigadas e os proxectos de protección mariña**, demostramos que as persoas con discapacidade son axentes activos de cambio e protectores esenciais do noso contorno natural.

Nesta memoria que presentamos, queremos reflectir non só os nosos logros, senón tamén o impacto de novas alianzas e proxectos que nos permiten multiplicar as oportunidades de formación e emprego onde máis se necesitan. **Seguimos avanzando cara a un mundo no que a dignidade, a igualdade e o benestar sexan unha realidade para todas as persoas**, construíndo xuntos un futuro máis xusto e sostible para a nosa comunidade..



Saúdo de Ángel	3-4
O + Destacado	5-6
Fundación Lealtad	7-8
Apoio e resultados	9-10
Certificacións	11-12
Onde intervimo	13-14
Áreas de intervención	15-16
Persoas	17-18
Labora	19-20
Blue Mission	21-22
Green Mision	23-24
Resmuo 2025	25-54
AT. Temperá e especializada	55-56
Apoio educativo	57-58
Apoio diurno	59-60
Apoio residencial	60-61
Erasmus	62-65
Labora- Formación Dual	66-67
Empresa de Inserción e centro especial de emprego	68-69
Cabalga	70-71
Labmar	72-73



ÁNGEL

Un camiño cheo de descubrimentos

Ola, chámome Ángel, teño 8 anos e son alumno do CEEPR Amicos.

A miña relación con Amicos comezou hai varios anos no Pekecamp de verán. Alí descubrín un lugar cheo de actividades, xogos e novas amizades, onde me sentín feliz desde o primeiro momento. Gustoume tanto que sigo volviendo cada verán.

Co paso do tempo comecei a asistir ao cole en modalidade combinada co CPR Bayón, e hoxe ambos centros forman parte do meu día a día. Aquí aprendo, medro e conto co apoio de profesionais que me axudan a comunicarme mellor, comprender o mundo que me rodea e participar en todas as actividades.

Este ano conseguín un dos meus logros máis importantes: comecei a utilizar un comunicador. Grazas a esta ferramenta podo expresar o que sinto, pedir o que necesito e compartir os meus gustos cos demais. Cada pequeno avance axúdame a sentirme máis autónomo e conectado coas persoas que me acompañan.

Encántanme as excursións, especialmente cando imos preto do mar, e tamén pasar tempo na biblioteca, escoitando contos e descubrindo novas historias. Cada día é unha oportunidade para aprender algo novo.

Sigo avanzando paso a paso, acompañado da miña familia e de todas as persoas que forman parte de Amicos. Xuntos celebramos cada logro, por pequeno que pareza, porque todos eles forman parte do meu camiño.

O MÁIS DESTACADO

Durante 2025 vivimos momentos e accións que marcaron o noso camiño. Cada un destes fitos reflicte a nosa esencia e o noso compromiso coa inclusión, traballando desde un modelo centrado nas persoas para transformar a realidade de quen máis o precisa



Proxecto CABALGA

Un proxecto pioneiro que combina ciencia, sector pesqueiro e inclusión social para recuperar e conservar os ecosistemas mariños, especialmente comunidades bentónicas como gorgonias, posidonia e laminarias.



Proxecto LABMAR

E un laboratorio participativo que promove a prevención e valorización dos residuos mariños en Galicia e Andalucía. Esta iniciativa combina a conservación dos ecosistemas protexidos coa formación e inclusión laboral de persoas con discapacidade intelectual como axentes medioambientais.




25 Aniversario AMICOS

Amicos celebra un cuarto de século transformando realidades e sementando oportunidades para as persoas con discapacidade e as súas familias. O que comezou como un proxecto de unión e coraxe é hoxe un referente de inclusión social e sostibilidade ambiental en Galicia. Co corazón nas persoas e a mirada no futuro, renovamos o noso compromiso de seguir derrubando barreiras e construíndo unha cidadanía de pleno dereito. 25 anos acompañando proxectos de vida, 25 anos impulsando a autonomía e a plena inclusión na comunidade.

XANEIRO
2025

Iniciamos REMO INCLUSIVO

Unha actividade de deporte inclusivo que promove a participación das persoas con discapacidade no remo, fomentando a autonomía, o traballo en equipo e a igualdade de oportunidades a través da práctica deportiva.



Proxecto AROUSA LAB

Un proxecto de innovación social e ambiental que une a comunidade científica, o sector pesqueiro e a cidadanía para impulsar a restauración mariña, a conservación da biodiversidade e a adaptación ao cambio climático na ría de Arousa.



DECEMBRO
2025

Alianza con REDEIA

Redeia y Asociación Amicos impulsan un proxecto para restaurar gorgonias en las Rías Baixas, clave para la biodiversidad marina y la sostenibilidad pesquera. La iniciativa combina conservación, ciencia e inclusión social, con participación de pescadores y personas con discapacidad en la recuperación de estos ecosistemas.



SELO DE FUNDACIÓN LEALTAD



Amicos conta co selo **Doa con Confianza**, que é un distintivo que recoñece ás **ONG** que cumpren integramente os **9 Principios de Transparencia e Boas Prácticas de xestión**. O seu obxectivo é reforzar a confianza nas ONG dos doantes particulares e institucionais.

Para a súa obtención, a ONG sométese voluntariamente a unha exhaustiva análise sobre a xestión, gobernanza e transparencia da organización, neste 2024 Amicos renova o selo de Fundación Lealdade.

SOCIOS
**PERSOAS
FÍSICAS**

+1200

EMPRESAS VALEDORAS
**PEQUEÑA Y
MEDIANA EMPRESA**

+400



APOIOS CON RESULTADOS

Destacamos algúns dos datos que poñen de relevo o apoio realizado durante o 2025. Son froito do compromiso entre comunidades, persoas, empresas, institucións colaboradoras e voluntariado.



1500

Persoas apoiadas diariamente




212

Actividades realizadas na comunidade



170

Profesionais traballando para mellorar a calidade de vida



948

Persoas formadas



450

Insercións laborais



25.000

Seguidores en Redes Sociais



+400

Empresas socias



+1200

Persoas socias

CERTIFICADOS DE CALIDADE E OUTRAS DISTINCIONS

AMICOS DISPÓN DAS SEGUINTES CERTIFICACIÓNS DE CALIDADE E MEDIO AMBIENTE, TODAS CERTIFICADAS POR AENOR

Certificado do sistema de xestión de calidade conforme coa Norma ISO 9001:2015

Certificado AENOR de Servizo en Centro de Día, conforme coa Norma UNE 158201:2015

Certificado do sistema de xestión ambiental conforme coa Norma ISO 14001:2015

Certificado do Esquema Europeo de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS), que cumpre os requisitos do Regulamento (CE) nº 1221/2009 modificado polo Regulamento (UE) 201/1505 e Regulamento (UE) 2018/2026

Certificado Medio Ambiente CO2 de acordo cos requisitos da norma ISO 14064-1:2012 , Pegada de Carbono CO2 calculado.

QUEREMOS DESTACAR:

Certificado de Inscripción no rexistro EMAS , da Xunta de Galicia co rexistro ES-GA-000283

Rexistro da pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de CO2 do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Certificado de inscrición na sección de proxectos de absorción do rexistro da pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono

Acreditación da Fundación Lealtad que outorga á nosa entidade o selo Doa con Confianza por superar o proceso de avaliación e cumprir integramente os 9 Principios de Transparencia e Boas Prácticas.

A nosa entidade foi nomeada aos Premios de Innovación Social Europeos 2021





-  Proxectos internacionais e nacionais
-  Servizo de formación e emprego
-  Todos os servizos

Amicos conta cun Centro de Atención Integral en Boiro e un Centro de Educación Especial en Ribeira, ambos na provincia da Coruña.

Aínda que o noso territorio de intervención é toda Galicia, tamén colaboramos con entidades autonómicas, nacionais e ata europeas a través dos programas Erasmus+.

Centro de Atención Integral

- Centro de día
- Centro ocupacional
- Fogar residencial
- Unidade de formación Pre-laboral
- Fábrica + Social
- Formación, orientación e emprego
- Área de rehabilitación

Centro de Educación Especial

- Centro de educación especial
- Unidade de atención temperá
- Unidade de atención especializada

ONDE INTERVIMOS

Amicos en EUROPA

A través de proxectos de cooperación internacional, innovación social e sustentabilidade ambiental, Amicos participa activamente en iniciativas desenvolvidas en distintos países europeos. Estas colaboracións permiten compartir coñecemento, impulsar a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade e contribuír á protección do medio ambiente, creando redes de traballo que xeran impacto máis aló das nosas fronteiras.

Amicos en ESPAÑA

A nosa actividade esténdese por diferentes territorios do Estado a través de sedes, proxectos e iniciativas vinculadas á inclusión social, a formación, o emprego e a conservación ambiental.

Desde cada localización traballamos para achegar oportunidades ás persoas e desenvolver accións que favorezan unha sociedade máis inclusiva, sostible e comprometida co territorio.

Amicos en GALICIA

Galicia é o corazón da nosa intervención. Aquí localízanse os nosos centros de atención, oficinas e espazos de traballo, desde os que desenvolvemos programas de inclusión social e laboral, atención ás persoas, educación ambiental, conservación da biodiversidade, economía circular e innovación social.

A nosa presenza no territorio permítenos dar resposta ás necesidades das persoas e contribuír ao desenvolvemento sostible das comunidades nas que actuamos.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN

Apoiamos ás **persoas con discapacidade** na súa traxectoria vital, e potenciamos a súa **participación activa** na sociedade mediante proxectos e actividades de carácter **social, ambiental e inclusivo**.



Dende o Área de Persoas traballamos para que cada persoa con discapacidade intelectual, autismo ou parálise cerebral conte cos apoios precisos en cada momento da súa vida. Estamos ao carón das familias, apoiando nas tarefas da vida diaria para construír un futuro con máis autonomía e oportunidades.



En Laboral construímos pontes cara ao emprego, impulsamos a formación e a inserción de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, ofrecendo ferramentas de formación e orientación personalizada.



Blue Mission é o espazo onde impulsamos os nosos proxectos medioambientais para o coidado de ríos, mares e océanos. Desde a sensibilización e limpeza de praias ata a recuperación dos fondos mariños, traballamos para protexer o noso ecosistema azul.



"Green Mission é o marco onde agrupamos os nosos proxectos de coidado do medio ambiente e preservación da natureza. Desde a reforestación e o coidado de montes ata a sensibilización dos máis pequenos e o desenvolvemento de proxectos de compensación da pegada de carbono para un futuro máis sostible.



DATOS DESTACADOS
ÁREA **PERSOAS**

6.439

participantes en
actividades inclusivas

157

actividades
inclusivas

60

persoas atendidas
en apoio diurno

38

persoas atendidas
fogar amigos

22

persoas atendidas
atención temperá e
especializada

21

persoas atendidas
apoio educativo



DATOS DESTACADOS

LABORA

5.301

horas
formación

4.927

sesión de
apoio

1.450

persoas
atendidas

948

persoas
formadas

450

persoas
insertadas

59

accións
formativas

Escanea o QR para saber más



DATOS DESTACADOS

BLUE MISSION

6.211

persoas
sesibilizadas

4.465

kg de residuos
retirados

2.688

escolares
sensibilizados

142

accións de
sensibilización

55

persoas do
mar

55

eliminación de
residuos mariños



DATOS DESTACADOS

GREEN MISSION

8.000

árbores
plantadas

10

hectáres
reforestadas

1.350

persoas
participantes

9

actividades
medioambientais

12 MESES DE IMPACTO E COMPROMISO SOCIAL

CABALGA: Ciencia e Inclusión baixo o Mar

En colaboración co CSIC e diversas confrarías, Amicos participa no proxecto CABALGA para a restauración de ecosistemas mariños no Atlántico e no Mediterráneo.

Acción: Recuperación de especies clave (corais e gorgonias) mediante a "Metodoloxía Bádminton" e seguimento con robótica mariña.

Impacto: As persoas con discapacidade de Amicos son protagonistas nas labores de recuperación e sensibilización.

Iniciativa co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa Pleamar (co-financiado polo FEMPA).



Climability: Liderado inclusivo fronte ao cambio climático

O proxecto concluíu cun gran acto, consolidándose como unha iniciativa referente en activismo medioambiental e integración social.

Liderado: 10 axentes con discapacidade intelectual formáronse como especialistas en sensibilización climática.

Innovación: Presentación dun estudo xunto á Fundación Juana de la Vega sobre Solucións Baseadas na Natureza (SBN) para as comarcas do Barbanza e Verín.

Impacto: Creación de redes inclusivas de apoio e concienciación en colaboración con concellos e confrarías.



Escanea o QR para saber máis

Arousa-lab: O valor da nosa cultura mariñeira

No marco do proxecto europeo A-AAGORA, Amicos e a Consellería do Mar impulsan Arousa-lab, unha iniciativa para protexer a biodiversidade e o sector pesqueiro da Ría de Arousa. Colaboración: Creación dun Comité Social con confrarías, OPMEGA e centros tecnolóxicos (CETMAR) para potenciar as boas prácticas mariñeiras.

Acción Ambiental: Restauración activa de fondos mariños, como as gorgonias e bosques de kelp, e sensibilización liderada por persoas con discapacidade.

Obxectivo: Garantir a sustentabilidade do sector artesanal fronte ao cambio climático mediante solucións baseadas na natureza.

Un proxecto de Horizonte Europa para poñer en valor a nosa sabedoría mariñeira e a saúde dos océanos.



Unha viaxe á ilusión: O Entroido máis feirante de Amicos

Este febreiro, o Centro de Atención Integral transformouse nunha auténtica feira ambulante. Durante semanas, os nosos mozos e mozas converteron os obradoiros en talleres de creatividade para dar vida a carruseles, churreirías e postos de algodón de azucre. O patio exterior encheuse de música e cor cun gran desfile onde brillaron atraccións clásicas como o tren da bruxa, o saltón e ata un gran barco viquingo artesanal.

A xornada, que tamén tivo o seu eco festivo en Oleiros cos máis cativos, rematou cunha entrega de premios e unha merenda compartida con familias e técnicos. Un ano máis, o Entroido serviu para demostrar que o talento e a alegría da familia Amicos son a mellor atracción de todas.



Cabo da Cruz e Amicos: Unha tripulación sen barreiras

O Club de Remo Cabo da Cruz e Amicos fixeron historia este febreiro ao presentar o primeiro equipo de remo inclusivo do Barbanza. Esta alianza pioneira, que conta co patrocinio de Jealsa a través do seu programa We Sea, naceu co obxectivo de abrir as portas do deporte de competición a todas as persoas, demostrando que na auga non existen os límites.

A nova tripulación, estreouse con gran ilusión no Campionato Galego tras semanas de intenso adestramento. Como símbolo deste compromiso compartido coa diversidade e a natureza, o acto incluíu o apadriñamento de dúas gorgonias polo Club e Jealsa.



Escanea o QR para saber máis

LAB-MAR: De Galicia a Andalucía pola saúde do mar

Os nosos axentes medioambientais viaxaron a Huelva e Cádiz para liderar as accións de sensibilización do proxecto LAB-MAR. Durante unha semana de intenso traballo en zonas protexidas como o Parque Nacional de Doñana, o equipo de Amicos mobilizou a máis de 300 persoas, entre escolares e confrarías.

A iniciativa logrou retirar 390 quilos de residuos dos areais andaluces, demostrando o papel fundamental das persoas con discapacidade como motor de cambio ambiental a nivel nacional. O proxecto, impulsado con Fundamar e a FNCP, reafirmou en Sanlúcar de Barrameda que a unión entre o sector pesqueiro e social é a mellor ferramenta para protexer os nosos océanos.

Proxecto apoiado pola Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Programa Pleamar - FEMPA).



Conmemoración del Día Mundial del Autismo en Ribeira

El 2 de abril, la asociación Amicos celebró el Día Mundial del Autismo en Ribeira bajo el lema "Somos Infinitos", reuniendo a un centenar de escolares y autoridades locales.

Durante el acto, se leyó un manifiesto reivindicando la necesidad de apoyos individualizados y una educación inclusiva. La jornada incluyó dinámicas lúdicas diseñadas para derribar falsos mitos sobre el TEA y fomentar la empatía entre los estudiantes, subrayando la importancia de la colaboración social para lograr una inclusión real y efectiva.



Renovación del convenio de integración laboral en Silleda

El Concello de Silleda y la asociación Amicos han renovado su convenio de colaboración para impulsar la inserción laboral de personas con discapacidad. Mediante este acuerdo, la entidad mantendrá su servicio de orientación en la Casa da Xuventude los primeros viernes de cada mes, ofreciendo itinerarios personalizados, formación y prospección empresarial.

Tras haber atendido a más de treinta personas el pasado año, esta alianza reafirma el compromiso de ambas instituciones con la mejora de la empleabilidad y la inclusión social real en el municipio.



Escanea o QR para saber máis

Colaboración en la Andaina Solidaria de As Saíñas de Castrelo

El 1 de mayo, la asociación Amicos colaboró en la marcha solidaria organizada por la asociación de Mulleres Rurais As Saíñas, en la que participaron 700 personas. Un grupo de usuarios de la entidad participó activamente en las tareas de aituallamiento a lo largo del recorrido de 9 kilómetros.

Gracias a esta iniciativa, se recaudaron 1.900 euros destinados íntegramente a los proyectos de Amicos, consolidando una alianza que se repetirá en la próxima edición para seguir fomentando la inclusión y el deporte saludable.



Renovación de la alianza social y ambiental entre Gadis y Amicos

Gadis y la asociación Amicos han renovado por quinto año consecutivo su convenio de colaboración para impulsar la inclusión social y la sostenibilidad. Mediante este acuerdo, la empresa gallega reafirma su apoyo como socio principal del Calendario Solidario 2026, patrocinador del festival escolar Festiritititi 2025 y colaborador del Bosque Gadis en Curtis.

Este último proyecto destaca por fomentar la inserción laboral de personas con discapacidad a través del cuidado de especies autóctonas, consolidando una alianza estratégica que garantiza estabilidad y un impacto positivo en la calidad de vida del colectivo.

Lanzamiento del proyecto europeo "MUSE" para la formación en musicoterapia

La asociación Amicos, en el marco del programa Erasmus+, ha puesto en marcha el proyecto colaborativo "MUSE" junto a entidades de Roma y Nápoles especializadas en musicoterapia y servicios sociales. Esta iniciativa, que se desarrollará hasta agosto de 2026, ofrece formación gratuita en línea a 15 personas de Galicia (músicos, terapeutas y personal sociosanitario en desempleo) para mejorar la comunicación integral con personas con discapacidad intelectual o dificultades verbales. El objetivo principal es potenciar la empleabilidad de los participantes y sensibilizar a las empresas sobre los beneficios de incorporar terapias musicales innovadoras en la atención a la dependencia.



Lanzamiento del proyecto "Amicos-Inclusión: On boarding" con ENAIRE

La asociación Amicos ha sido seleccionada por ENAIRE como una de las once entidades beneficiarias a nivel nacional —la única en Galicia— de sus subvenciones para la inserción laboral de personas con discapacidad. El proyecto, denominado "Amicos-Inclusión: On boarding", se formalizó el 26 de mayo en Madrid y consiste en el desarrollo de itinerarios personalizados de empleo vinculados a las necesidades de los aeropuertos gallegos. La iniciativa ofrece orientación especializada, apoyo en la contratación y asesoramiento técnico tanto a los usuarios como a las empresas para garantizar la inclusión y el mantenimiento del empleo en el sector aeronáutico.



Escanea o QR para saber más

Nueva actividad de vela inclusiva en colaboración con la Escuela Náutica de Boiro

En mayo de 2025, la asociación Amicos puso en marcha un programa de vela inclusiva en colaboración con la Escuela Náutica de Vela de Boiro. Con una frecuencia de dos salidas mensuales por la ría de Arousa, esta actividad permite a los usuarios aprender nociones de navegación, vocabulario marítimo y funciones de tripulación.

El proyecto busca fomentar la autonomía personal y el contacto directo con el entorno marino, utilizando el mar como una herramienta educativa y terapéutica que refuerza la apuesta de la entidad por el deporte inclusivo y la libre elección de sus beneficiarios.



Éxito del photocall inclusivo "PA-TA-TA" en la jornada de RSE de Vegalsa-Eroski

El servicio de fotografía inclusiva de Amicos, denominado PA-TA-TA, participó con gran éxito en la octava jornada de Responsabilidad Social Empresarial de Vegalsa-Eroski, celebrada en Oleiros.

Los usuarios Adriana Miguens y Miguel Cancelas fueron los encargados de realizar fotografías instantáneas a los asistentes, quienes también recibieron portafotos artesanales elaborados en el taller de barro de la entidad.

Esta iniciativa, consolidada desde 2024, tiene como objetivo potenciar la autoestima de las personas con discapacidad y visibilizar sus capacidades mediante su participación activa en eventos profesionales y sociales.



Acción medioambiental conjunta entre Amicos y Banco Santander en Nigrán

El 3 de junio, los agentes medioambientales de Amicos dirigieron una jornada de voluntariado en la playa de Nigrán en colaboración con el Banco Santander, logrando retirar 107 kilos de residuos marinos.

En la actividad participaron más de cien voluntarios que, guiados por los usuarios de la asociación, aprendieron técnicas de recogida y clasificación de desechos. Esta iniciativa, que forma parte de una alianza consolidada desde 2022, busca no solo proteger los ecosistemas litorales, sino también poner en valor a las personas con discapacidad intelectual como agentes activos y motores de cambio en la sociedad.



Celebración del Día Mundial del Medio Ambiente en el CEIP Santa María do Castro

El 5 de junio, la asociación Amicos conmemoró el Día Mundial del Medio Ambiente con una jornada de sensibilización en el CEIP Santa María do Castro (Boiro), en la que participaron 130 personas. Los activistas medioambientales de la entidad —personas con discapacidad intelectual— lideraron dinámicas y juegos educativos para escolares sobre reciclaje y protección de los ecosistemas marinos. El acto contó con el respaldo de representantes de la Xunta de Galicia, el Concello de Boiro y la empresa Jealsa, destacando el papel del colectivo como motor de cambio social y ambiental. En el último año, Amicos ha realizado más de 150 acciones similares, llegando a más de 2.700 alumnos de la comarca.



Escanea o QR para saber máis

Impulso a la transición educativa inclusiva con el proyecto europeo Inclusive-Paths

Desde principios de 2025, la asociación Amicos participa en el proyecto europeo Inclusive-Paths, una iniciativa cofinanciada por el programa Erasmus+ que busca mejorar la transición de la juventud con discapacidad intelectual hacia la educación superior. En los últimos meses, la entidad ha organizado diversos focus groups con docentes, familias y alumnos para identificar necesidades de apoyo práctico y emocional en este proceso vital. El proyecto, coordinado por la Asociación Europea de Proveedores de Servicios para Personas con Discapacidad (EASPD), también se centra en la formación del profesorado de educación postobligatoria y en el empoderamiento de los cuidadores familiares. Con esta alianza internacional, Amicos refuerza su compromiso por derribar barreras educativas y garantizar itinerarios formativos más accesibles y personalizados.



Limpieza de espacios naturales en Soutomaioir con el programa Libera

En el marco de la campaña “1m2 contra la basurala”, la asociación Amicos participó en una jornada de limpieza en la zona de Entreríos, en la Serra do Suído (Soutomaioir), donde se recogieron 10 kilos de residuos. Los agentes medioambientales de la entidad lideraron la actividad en colaboración con la Asociación de Veciños O Cruceiro da Laxe y el divulgador Xoán Arco da Vella, quien aportó conocimientos sobre la botánica e historia local. Esta acción, integrada en la alianza entre SEO/BirdLife y Ecoembes, refuerza el papel de Amicos como referente en la conservación de los ecosistemas naturales y la sensibilización ambiental mediante el trabajo directo en el territorio



Jornada de sensibilización ambiental en las Islas Cíes con Zurich Argentina

La asociación Amicos coordinó una jornada de sensibilización medioambiental en las Islas Cíes para una delegación de 140 voluntarios de la empresa Zurich Argentina. Ante la imposibilidad de realizar la limpieza prevista por el clima, técnicos y agentes de la entidad impartieron una formación sobre reciclaje, cuidado de los océanos y los proyectos de conservación marina como Cabalga o LabMar.

Esta colaboración, organizada junto a DMC Galicia Group Travel, refuerza la alianza que Amicos mantiene con el Parque Nacional desde 2010, poniendo en valor el papel de las personas con discapacidad intelectual como monitores ambientales y motores de cambio a través del voluntariado corporativo.



Voluntariado de Igalia para la restauración del fondo marino con el proyecto Cabalga

Trabajadores de la consultora Igalia y sus familias participaron en una jornada ambiental junto a Amicos para conocer el proceso de recuperación de los ecosistemas marinos. Los voluntarios visitaron el laboratorio de algas de la entidad y se desplazaron al Parque Nacional de las Illas Atlánticas para devolver al mar ejemplares de corales y laminarias.

Esta iniciativa, enmarcada en el proyecto Cabalga, pone en valor la restauración activa del hábitat marino, una labor que ya ha permitido a la asociación recuperar más de 450 gorgonias y 765 laminarias con la ayuda de entidades colaboradoras.

Avances en la restauración de los fondos marinos con el Comité Social de Arousa-Lab

El Comité Social de Arousa-Lab se reunió para supervisar los trabajos de restauración de fondos marinos que Amicos lidera en la ría. Durante la jornada, visitaron el laboratorio de algas y el hospital de gorgonias en Ribeira, participando además en una actividad de sensibilización con escolares del CEIP Galaxia. El encuentro culminó con la devolución de estas especies a su hábitat natural en zonas protegidas.

Esta iniciativa, enmarcada en el proyecto europeo A-AAGORA, une a la comunidad científica, pesquera y escolar para impulsar soluciones naturales frente al cambio climático y garantizar la sostenibilidad de la Ría de Arousa.



Encuentro internacional en Boiro para potenciar la empleabilidad con All4Jobs

La sede de Amicos acogió el primer encuentro presencial del proyecto europeo All4Jobs, una iniciativa de Erasmus+ que reúne a entidades de seis países para mejorar la inserción laboral de jóvenes con discapacidad. Durante las jornadas, representantes de Italia, Chipre, Bélgica, Grecia y Rumanía planificaron el desarrollo de herramientas para orientadores y simulaciones de realidad aumentada para la búsqueda de empleo. Con esta alianza, que se extenderá hasta 2027, Amicos refuerza su cooperación internacional y comparte su metodología de inclusión para construir un futuro profesional más accesible y equitativo en toda Europa.

Celebración anticipada del San Xoán en el Centro de Atención Integral de Amicos

La asociación Amicos adelantó la festividad de San Xoán con una jornada temática en su centro de Boiro que reunió a usuarios del Centro de Día, Centro Ocupacional y el Hogar Amicos. Los participantes disfrutaron de juegos populares adaptados y de la tradicional gincana para localizar las siete hierbas mágicas, culminando la mañana con la clásica degustación de sardinas asadas. El evento, que incluyó música y el conjuro de la quemada, busca poner en valor las tradiciones gallegas y fomentar la convivencia entre el equipo y las personas usuarias en un entorno inclusivo. Con esta iniciativa, la entidad promueve la participación social y el disfrute de la cultura local por parte de todo el colectivo.



Festa de fin de curso e actividades de verán no CEEPR de Amicos

O CEEPR de Amicos celebrou o peche do curso escolar 2024/25 cunha xornada festiva que incluíu a proxección dun vídeo resumo das actividades do ano e a entrega de diplomas e orlas aos alumnos e alumnas.

A celebración completouse con xogos adaptados, obradoiros de maquillaxe e globoflexia, tras unha excursión previa ao Quinteiro de Temperán no Grove, onde os cativos coñeceron a vida agraria tradicional.

Con esta festa, a entidade dá paso ao PekeCamp, un programa de ocio e tempo libre que se desenvolverá durante o mes de xullo para garantir a continuidade das actividades lúdicas e a conciliación familiar durante o verán.

Colaboración entre Amicos e o voluntariado de Jealsa para a restauración de laminarias

O equipo de voluntariado de Jealsa participou nunha xornada de restauración mariña xunto a Amicos para colaborar na recuperación dos bosques de kelp na ría de Arousa. Tras coñecer o proceso de cultivo no laboratorio da entidade, o grupo desplazouse a Aguiño para reinsertar 95 laminarias en augas do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Esta acción, enmarcada no programa de sostibilidade We Sea, reforza a alianza entre ambas entidades para a conservación da biodiversidade, logrando devolver ao mar centos de exemplares de gorgonias e algas nos últimos meses grazas ao traballo dos activistas medioambientais de Amicos.



Clausura do proxecto Pioneras no foro ‘Novas miradas, novas persoas’

A Coruña acolleu o foro “Nuevas miradas, nuevas personas”, un espazo de reflexión sobre o talento e a inclusión impulsado por Amicos, Vegalsa-Eroski e Quincemil. No encontro, representantes de grandes empresas e institucións abordaron a diversidade como motor de innovación, mentres Amicos presentaba os resultados de Pioneras, iniciativa financiada pola Alliance for Gender Equality in Europe para o empoderamento de mulleres con discapacidade.

A xornada concluíu coa entrega dos premios ás boas prácticas en inclusión laboral a Vegalsa-Eroski, Jealsa e Profand, reafirmando o compromiso por construír contornas de traballo máis xustas e humanas.



Escanea o QR para saber máis

Apoio unánime do Concello de Boiro para o peche perimetral de Biomans

Amicos agradece ao equipo de goberno e a todos os grupos políticos de Boiro o apoio unánime á declaración de especial interese das obras do peche perimetral na finca da entidade. Este acordo, aprobado no pleno do 26 de xuño, garante a seguridade e consolidación do proxecto Biomans, centrado na produción ecolóxica e na xeración de oportunidades laborais para persoas con discapacidade.

A medida permite avanzar na adecuación de espazos para esta iniciativa, que combina a inclusión social coa recuperación de terras e a dinamización do rural, reforzando o compromiso municipal cunha sociedade máis sostible e xusta.



Xornadas de sensibilización e limpeza para a mocidade do Barbanza

Os activistas medioambientais de Amicos iniciaron en xullo un proxecto de educación ambiental na comarca do Barbanza dirixido a escolares e mozos. O programa, que se estenderá ata novembro, inclúe obradoiros de sensibilización, proxeccións audiovisuais sobre retos ecolóxicos e xornadas de recollida de residuos mariños no concello de Ribeira.

Esta iniciativa, financiada pola Consellería de Medio Ambiente e o Parque Nacional das Illas Atlánticas, busca fomentar o respecto pola biodiversidade autóctona e concienciar sobre a importancia de reducir a contaminación para preservar os ecosistemas costeiros galegos.



Visita institucional e restauración mariña en Aguiño coa Consellería de Política Social

A conselleira de Política Social, Fabiola García, e a directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, sumáronse a unha xornada de coidado do litoral xunto aos activistas de Amicos. A actividade incluíu a visita ao laboratorio de algas e unha limpeza de fondos no porto de Aguiño, onde se retirou unha tonelada de residuos coa colaboración da Confraría local.

A xornada completouse coa reinserción de laminarias e gorgonias no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Esta acción, enmarcada no hub Blue Mission, destaca o papel das persoas con discapacidade como axentes clave na protección mariña e conta co apoio da Xunta de Galicia a través do programa de axudas do IRPF.



Clausura da quinta edición do Campo de Voluntariado Xuvenil de Amicos

Un grupo de catorce mozos e mozas, con e sen discapacidade, completaron dúas semanas de convivencia e acción ambiental no V Campo de Voluntariado Xuvenil. A iniciativa, que conta co apoio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, combinou tarefas de conservación en espazos como o Parque Natural de Corrubedo e as Illas Atlánticas coa posta en valor do patrimonio cultural e o Camiño de Santiago.

Durante a clausura, os participantes destacaron a creación de lazos de amizade e a aprendizaxe mutua nun proxecto único que integra a inclusión social co compromiso ecolóxico, consolidando a Amicos como referente na formación de mocidade solidaria e consciente.



Transformación e modernización a través do proxecto Ecosistema Dixital Amicos

A asociación Amicos encara a fase final do proxecto Ecosistema Dixital, unha iniciativa iniciada en 2024 para modernizar os procesos de xestión e comunicación da entidade. Financiado polos fondos NextGenerationEU, o programa permitiu implementar ferramentas tecnolóxicas avanzadas e ofrecer capacitación especializada ao equipo, optimizando o contacto con familias, socios e voluntarios.

Esta estratexia non só axiliza a xestión interna e a difusión do impacto social da asociación, senón que tamén promove a igualdade de xénero ao facilitar a conciliación e o traballo remoto. Coa avaliación dos resultados finais, Amicos consolida un modelo dixital máis sostible, accesible e preparado para os retos futuros.



Control de especies invasoras na Illa de Sálvora coas Ecobrigadas

As Ecobrigadas de Amicos regresaron á Illa de Sálvora para desenvolver unha campaña de eliminación de especies vexetais invasoras que ameazan a biodiversidade autóctona do Parque Nacional.

Tras un mapeo inicial en xuño, o equipo traballa ata novembro no control de especies como a uña de gato ou a herba carmín para protexer os hábitats litorais.

Esta iniciativa, financiada pola Consellería de Medio Ambiente e executada a través da empresa de inserción Properdis, demostra como a protección do patrimonio natural galego pode camiñar da man da inclusión laboral de persoas con discapacidade intelectual.



Limpeza da praia das Sinas en colaboración con Pan do Mar

Un grupo de 25 voluntarios e activistas medioambientais de Amicos retiraron 76 quilos de lixo mariño na praia das Sinas, en Vilanova de Arousa, nunha xornada de limpeza e sensibilización apoiada por Pan do Mar.

Durante a actividade recolléronse plásticos, vidro e centos de cabichas, que foron clasificados para concienciar sobre o impacto dos residuos nos océanos.

Esta colaboración reforza o compromiso de ambas entidades coa preservación do litoral e a inclusión social, sumándose ás case 3,5 toneladas de lixo recuperadas por Amicos no que vai de ano grazas a este tipo de alianzas estratéxicas.



Escanea o QR para saber máis



Inclusión e patrimonio no proxecto Rutas Sociais Sostibles de Amicos

A Fundación Amicos impulsa o proxecto Rutas Sociais Sostibles, unha iniciativa financiada por Ence que integra a inclusión de persoas con discapacidade coa protección do medio natural e cultural galego. Ata o momento, máis de 330 persoas participaron en limpeza de praias, xincanas ecolóxicas e obradoiros de arte reciclada, nos que os usuarios da entidade exercen como axentes activos na identificación de flora e fauna autóctona. O programa, que prevé impactar en máis de 1.700 persoas, busca mellorar a autoestima do colectivo e concienciar á sociedade sobre a importancia de preservar a biodiversidade e o patrimonio tradicional para construír un futuro máis equitativo.

Inserción laboral aeroportuaria con el proyecto Amigos-Inclusión: On Boarding

Participantes del programa Amigos-Inclusión: On Boarding, financiado por ENAIRE, visitaron el aeródromo militar de Santiago para identificar oportunidades laborales en el sector. La iniciativa diseña itinerarios personalizados y ofrece acompañamiento técnico para facilitar la contratación de personas con discapacidad en los aeropuertos gallegos.


Gracias a esta alianza con el gestor de navegación aérea, Amigos conecta el talento del colectivo con un sector estratégico, promoviendo el empleo estable y la accesibilidad en infraestructuras clave del transporte.



Colaboración ambiental entre Amigos e Vegalsa-Eroski na Illa de Sálvora

Un equipo de 35 voluntarios de Vegalsa-Eroski e Amigos uniron forzas nunha xornada de restauración mariña no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Tras visitar o laboratorio de algas, os participantes realizaron unha solta de gorgonias e laminarias para rexenerar os fondos e retiraron máis de 500 quilos de residuos na Illa de Sálvora. Esta acción consolida unha alianza estratéxica que inclúe o programa Re-Mar, doazóns a través de "Céntimos Solidarios" e a aposta pola inclusión laboral de persoas con discapacidade nos centros da distribuidora galega.



Escanea o QR para saber máis

Lecer e natureza no Campamento de Verán de Amigos en Arcade

Un total de 31 participantes disfrutaron dunha semana de convivencia en Arcade marcada polas actividades de aventura, como rutas a cabalo e xogos acuáticos, e o descubrimento do patrimonio natural en Cotorredondo.

A deputada de Igualdade e Benestar Social de Pontevedra, Sandra Bastos, visitou o grupo no marco do programa + Convivencia, que promove o lecer inclusivo e a posta en valor do contorno etnográfico provincial. Esta experiencia permitiu aos usuarios da entidade reforzar os seus lazos de amizade e autonomía a través dunha programación que combinou a diversidade cultural coa aprendizaxe en comunidade.



Ocio e convivencia no campamento xuvenil 'Camiños de Inclusión'

Trinta mozos e mozas da asociación Integrados participaron no campamento "Camiños de Inclusión", unha semana de convivencia na contorna de Arcade centrada no lecer e no descubrimento do Camiño de Santiago.

A iniciativa incluíu visitas culturais polas diferentes rutas xacobeas da provincia de Pontevedra, tardes de praia e actividades de aventura deseñadas para fomentar a autonomía e reforzar os lazos de amizade. Este proxecto, financiado polo programa Iniciativa Xove, consolida a aposta da entidade por ofrecer espazos de ocio inclusivo que poñen en valor o patrimonio galego dende unha perspectiva social.



A Consellería do Mar impulsa a restauración mariña con Amigos e Arousa-Lab

A conselleira do Mar, Marta Villaverde, visitou Amigos para asinar un convenio de 70.000 euros destinado ao proxecto Arousa-Lab, rexión asociada á iniciativa europea A-AAGORA.

Durante a xornada, a conselleira visitou o laboratorio de algas e participou, xunto á Confraría de Aguiño, na reintrodución de laminarias e gorgonias en augas de Sálvora. Este acordo reforza a colaboración entre o sector pesqueiro, a comunidade científica e as persoas con discapacidade para recuperar a biodiversidade da ría e implementar solucións naturais fronte ao cambio climático, integrando sempre a inclusión social como eixo central.



Restauración mariña coa Deputación da Coruña e a Confraría de Aguiño

A deputada de Medio Ambiente, Rosa Ana García, participou nunha xornada de restauración de fondos mariños na que se devolveron ao mar 110 laminarias e 4 gorgonias. A acción, desenvolvida en Aguiño xunto a representantes municipais de Boiro, Porto do Son e Ribeira, contou co apoio técnico da Confraría de Pescadores local.

A deputada destacou o papel de Amigos como referente en "ecoloxía social", integrando a persoas con discapacidade como axentes clave na protección do ecosistema. No marco do proxecto Blue Mission, a entidade xa suma este ano máis de 110 accións medioambientais e a mobilización de 2.000 voluntarios.



Fortalecemento do equipo de Amigos coa dinámica 'Aportando valor'

Unha trintena de traballadores de Amigos participa nas xornadas de cohesión 'Aportando valor', centradas en mellorar o clima laboral e o traballo en equipo mediante dinámicas de team building. Esta iniciativa forma parte do proxecto AMI4CEI, financiado polo Fondo Social Europeo Plus a través de CEPES, que busca fortalecer a rede interna da entidade e mellorar as competencias profesionais.

O proxecto, que estará operativo ata finais de 2026, combina estas accións de formación interna co uso de ferramentas tecnolóxicas pioneiras, como a Intelixencia Artificial, para potenciar a inserción laboral e a consolidación de empregos para persoas con discapacidade.



Escanea o QR para saber máis

Empoderamento e prevención da violencia contra mulleres con discapacidade

Corenta mulleres participaron no programa "Mulleres, discapacidade e prevención do maltrato", unha iniciativa de Amigos financiada pola Consellería de Política Social e Igualdade e o FSE+.

O proxecto combinou a formación para identificar a violencia de xénero co reforzo da autoestima, a xestión emocional e a orientación laboral. A través de cinco bloques de traballo, as participantes adquiriron ferramentas para mellorar a súa autonomía e seguridade, co obxectivo de eliminar o estigma social e facilitar a súa independencia económica nunha contorna libre de violencia.

O proxecto ‘Mulleres, discapacidade e prevención do maltrato’ pecha con máis de 1.100 sesións

Amicos finalizou este programa de empoderamento no que 40 mulleres con discapacidade recibiron un total de 1.655 horas de intervención especializada.

A iniciativa, financiada pola Xunta e o FSE+, centrouse en ofrecer asesoramento legal, formación en dereitos e resolución de conflitos para reducir a vulnerabilidade deste colectivo fronte á violencia de xénero. A través de seguimentos personalizados e redes de apoio, as participantes reforzaron a súa autoestima e autonomía, adquirindo ferramentas clave para a súa protección e independencia persoal.



Amicos presenta Arousa-Lab en Chipre no marco do proxecto europeo A-AAGORA

A cidade de Pafos acolleu o encontro de rexións asociadas do proxecto A-AAGORA, onde Amicos presentou a iniciativa Arousa-Lab. Este proxecto, impulsado xunto á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, centra a súa estratexia en combinar o saber tradicional da xente do mar coa innovación científica para facer fronte ao cambio climático. Durante a cita internacional, os representantes galegos intercambiaron boas prácticas sobre resiliencia climática e gobernanza participativa, consolidando un modelo de desenvolvemento que vincula a protección do medio mariño coa inclusión social e a posta en valor do sector marisqueiro local.



Escanea o QR para saber máis

A exposición itinerante ‘Amiríos’ inicia en Ribeira o seu percorrido por Galicia

Ribeira acolleu a inauguración de Amiríos, unha mostra itinerante de Amicos e Augas de Galicia para sensibilizar sobre a protección dos ecosistemas fluviais. Máis de 70 escolares participaron nunha xornada guiada por activistas con discapacidade, quen exercen como altofalantes da conciencia ambiental.

A exposición percorrerá durante setembro e outubro os concellos de Boiro, Lousame, A Pobra, Caldas, Ponte Caldelas, Meis e Pontevedra, co obxectivo de fomentar o uso responsable da auga e a conservación da biodiversidade fluvial desde unha perspectiva inclusiva.



A Xunta supervisa a ampliación do Fogar Amicos e o proxecto europeo MUSE

A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, visitou as obras de ampliación do Fogar Amicos, que sumarán 26 novos dormitorios individuais adaptados ás 37 prazas actuais. O proxecto conta cun investimento de 1,2 millóns de euros da Consellería de Política Social.

Durante a xornada, Abeijón tamén coñeceu os avances de MUSE MusicArTherapy, unha iniciativa europea coordinada por Amicos no marco do programa Erasmus+ que utiliza a musicoterapia para mellorar a atención a persoas con grandes necesidades de apoio. A directora destacou o compromiso institucional e económico coa entidade para seguir fomentando a vida independente e a inclusión sociolaboral.



Solidariedade no VI Torneo de Golf CGES a prol das mulleres de Amigos

A Fundación Flora para a Alegría Social recadou máis de 4.000 euros destinados ao programa de Amigos para mulleres con discapacidade en situación de vulnerabilidade.

Os fondos foron obtidos durante o VI Torneo de Golf CGES, celebrado no Club de Golf Xaz (Oleiros) coa organización do Consello Galego de Enxeñeiros. Grazas á colaboración de patrocinadores e participantes, esta doazón permitirá á entidade seguir impulsando proxectos de autonomía e apoio directo, consolidando alianzas que transforman a xenerosidade do ámbito deportivo en impacto social real para o colectivo.



Altia e Amicos únense pola restauración mariña e o emprego inclusivo

A consultora tecnolóxica Altia e Amicos asinaron un convenio de colaboración para impulsar a formación e inserción laboral de persoas con discapacidade en proxectos de "emprego verde".

A alianza estreouse cunha xornada na que quince voluntarios da compañía, acompañados polas Ecobrigadas, participaron na solta de 200 soportes de laminaria en augas de Sálvora, o que supón a restauración de media hectárea de bosque mariño. Esta unión entre innovación tecnolóxica e compromiso social reforza a estratexia de Blue Mission de Amicos, demostrando que a conservación ambiental é unha vía eficaz para a inclusión sociolaboral en Galicia.



Redeia e Amicos alíanse para restaurar os bosques de gorgonias en Arousa

A través da súa plataforma Bosque Marino, Redeia inviste máis de 65.000 euros nun proxecto de restauración mariña xunto a Amicos para recuperar unhas 200 gorgonias capturadas accidentalmente. A iniciativa, que se desenvolve na zona de influencia das Illas Atlánticas, conta coa participación directa de persoas con discapacidade intelectual como axentes medioambientais, encargados de rehabilitar estes organismos antes de devolvelos ao mar.

O programa inclúe tamén accións de sensibilización e formación para o sector pesqueiro, consolidando un modelo que une a protección da biodiversidade coa inclusión social e a sustentabilidade do litoral galego.



Escanea o QR para saber máis



Innovación e reciclaxe inclusiva co proxecto LAB-MAR en Amicos

O comité técnico do proxecto LAB-MAR visitou o Centro Integral Amicos para coñecer como a entidade transforma o plástico recuperado do mar en novos recursos mediante tecnoloxías de impresión 3D.

Activistas con discapacidade intelectual lideran este proceso, fabricando útiles como agullas para redes ou cinseiros para praias, unindo economía azul e emprego inclusivo. A xornada, na que participaron representantes de Fundamar, a FNCP e Amicos, serviu tamén para presentar LAB-MAR II, que ampliará as accións de reciclaxe e educación ambiental co apoio da Fundación Biodiversidad e o programa Pleamar.



Jealsa e Amicos: máis dunha década impulsando a inclusión social e laboral

A conserveira boirense Jealsa e Amicos renovaron un ano máis o seu convenio de colaboración, unha alianza estratéxica que suma xa máis de dez anos de traballo conxunto. A través do programa de RSC WeSea, esta unión permite soste piar fundamentais da entidade como a unidade de estimulación sensorial, programas de formación prelaboral e iniciativas de sensibilización social como Badaboom ou Festirititi.

Durante a firma, Margarita Hermo (Jealsa) e Xoán España (Amicos) destacaron como esta colaboración non só xera oportunidades reais para persoas con grandes necesidades de apoio, senón que consolida un modelo de compromiso empresarial que transforma o contorno social do Barbanza.



Amicos celebra as súas vudas de prata cunha gran homenaxe en Lousame

A asociación Amicos festexou o seu 25 aniversario cun emotivo encontro en Lousame que reuniu a máis de 250 persoas, entre usuarios, familias, profesionais e representantes institucionais. Durante o evento, repasouse a traxectoria da entidade desde o seu nacemento no ano 2000, destacando fitos como a creación do Centro de Atención Integral de Boiro, o CEEPR de Oleiros ou o Fogar Amicos.


O director xeral, Xoán España, e a directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, enxalzaron un modelo de traballo centrado na persoa que combina a loita polos dereitos e a inclusión coa innovación e o compromiso ambiental, consolidando a Amicos como un referente social en Galicia.



Trece persoas fómanse na industria alimentaria co proxecto AMI4CEI

Trece usuarias de Amicos completaron un curso de envasado e embalaxe de produtos alimentarios, unha formación de 50 horas en modalidade de teleformación. A iniciativa, enmarcada no proxecto AMI4CEI e financiada polo FSE+ e CEPES, busca mellorar a empregabilidade en sectores con alta demanda na comarca.

A orientadora Araceli Rial destacou que o curso ofrece ferramentas reais e acompañamento personalizado para que persoas con discapacidade ou en risco de exclusión accedan ao mercado laboral con maior autonomía. O programa integra metodoloxías pioneiras como a Intelixencia Artificial para a xestión do talento ata o ano 2026.



Escanea o QR para saber máis



O comité social de Arousa-Lab fai balance das súas accións de restauración

Representantes da Xunta, Amicos, OPMEGA, confrarías de Arousa e o sector educativo reuníronse para avaliar os avances deste laboratorio de innovación social e ambiental.

O comité destacou o éxito das intervencións de restauración mariña e as actividades educativas que integran a profesionais do mar e persoas con discapacidade como activistas. Esta iniciativa, enmarcada no proxecto europeo A-AAGORA, consolídase como un modelo replicable de gobernanza participativa para a protección dos océanos de cara a 2030. A colaboración entre o sector pesqueiro e a sociedade permite construír unha nova cultura de coidado mariño baseada no coñecemento local e a inclusión.



O proxecto AMI4CEI acada 26 insercións laborais para persoas con discapacidade

O Centro de Atención Integral de Amicos acolleu o acto de seguimento do proxecto AMI4CEI, unha iniciativa que xa acompaña a máis de 85 persoas en itinerarios de emprego. Ata o momento, realizáronse 210 orientacións laborais e acadáronse 26 insercións, destacando o uso de ferramentas dixitais como un asistente virtual e software de xestión do talento.

O programa, financiado polo FSE+ e CEPES, continuará activo ata finais de 2026 enfocándose no acompañamento individualizado e na consolidación de postos de traballo estables. Durante o encontro, os participantes puxeron en valor como a metodoloxía de Amicos facilita unha inclusión sostible no tecido empresarial.



Inclusive-Paths identifica as barreiras na formación de persoas con discapacidade

O proxecto europeo Inclusive-Paths, no que participa Amicos xunto a socios de Austria, Bélxica e Chipre, completou a súa fase de análise sobre a transición da educación secundaria á formación profesional. A través de grupos focais con familias, docentes e alumnado, consolidáronse informes nacionais que detectan as principais dificultades que afrontan os estudantes con discapacidade intelectual nestas etapas. Esta iniciativa de Erasmus+ busca deseñar solucións educativas máis flexibles e accesibles que garantan a igualdade de oportunidades.

O traballo colaborativo permite compartir coñecemento a nivel europeo para construír itinerarios formativos centrados na autonomía e no proxecto vital de cada persoa.

O VIII Festiritititi reúne a máis de mil persoas en Boiro para celebrar a inclusión

O pavillón de Barraña acolleu a oitava edición do Festiritititi, o festival co que Amicos celebra o Día Internacional das Persoas con Discapacidade a través do xogo e a convivencia. Máis de mil persoas, entre escolares e autoridades, participaron nunha decena de dinámicas inclusivas lideradas polos propios usuarios da entidade, quen actuaron como guías e protagonistas da xornada.

O evento, apoiado por Jealsa e a Xunta de Galicia, serviu tamén para reivindicar, a través da lectura de manifestos, o dereito a unha educación adaptada, ao emprego estable e á plena integración social na comarca.



Escanea o QR para saber máis



Once persoas fórmanse para traballar en aeroportos galegos co proxecto Amicos OnBoarding

Santiago de Compostela acolleu a entrega de diplomas a once alumnos do curso de Atención á clientela en contornas aeroportuarios, unha formación que busca facilitar a inserción laboral de persoas con discapacidade nos aeroportos de Galicia.

O proxecto Amicos OnBoarding, que conta co apoio de Enaire, acadou xa o 43% das insercións previstas e superou amplamente os obxectivos de atención e formación desde o seu lanzamento en abril. Esta iniciativa ofrece orientación especializada e acompañamento continuo para garantir empregos estables e inclusivos, demostrando que a formación adaptada é a mellor ferramenta para o acceso ao mercado laboral





APOIO

TEMPERÁ E ESPECIALIZADO

En Amicos **entendemos a atención temperá como unha ferramenta fundamental para favorecer o desenvolvemento integral dos nenos e nenas durante os seus primeiros anos de vida.**

A través dun **enfoque centrado na persoa e na familia**, desenvolvemos intervencións individualizadas adaptadas ás necesidades, capacidades e contorna de cada menor.

O noso modelo baséase na **participación activa das familias** e dos contextos naturais de desenvolvemento, **promovendo a aprendizaxe e a adquisición de habilidades mediante o xogo e as experiencias cotiás.** Deste xeito, ofrecemos unha atención integral, personalizada e **coordinada cos ámbitos familiar, educativo e social.**

As actuacións están orientadas a potenciar o desenvolvemento global dos nenos e nenas desde unha perspectiva biopsicosocial, favorecendo a súa autonomía, benestar e participación activa na comunidade. **O obxectivo final é contribuír á súa inclusión efectiva e á mellora da súa calidade de vida,** respectando sempre as particularidades e o ritmo evolutivo de cada persoa.



APOIO EDUCATIVO


No Centro de Educación Especial de Amicos acompañamos a **nenos, nenas e mozos de entre 3 e 21 anos no seu proceso educativo** e persoal, **ofrecendo unha atención individualizada adaptada ás necesidades e potencialidades de cada alumno e alumna.**

O noso modelo educativo baséase na participación activa do alumnado, no desenvolvemento das súas capacidades e na promoción da máxima autonomía posible. **Traballamos desde unha perspectiva inclusiva, fomentando a participación na contorna educativa e social** e favorecendo experiencias de aprendizaxe significativas e funcionais.

Contamos ademais cun programa de educación combinada, que permite ao alumnado compatibilizar a súa escolarización entre o Centro de Educación Especial e os centros educativos ordinarios de referencia. Esta modalidade facilita a inclusión, promove a participación en contornos diversos e favorece a adquisición de aprendizaxes e experiencias enriquecedoras adaptadas ás necesidades de cada persoa.

A **coordinación permanente coas familias, os centros educativos de referencia e os distintos profesionais implicados** permite ofrecer unha resposta integral e coherente, orientada a potenciar a independencia, o benestar e a calidade de vida do alumnado.

A través dunha metodoloxía dinámica, participativa e centrada na persoa, contribuímos ao desenvolvemento de competencias persoais, sociais e académicas que favorecen a súa inclusión e participación activa na comunidade.



APOIO DIURNO

No Centro de Atención Integral de **Amicos** promovemos o **desenvolvemento persoal, a autonomía e a participación activa** das persoas con discapacidade intelectual, trastornos do espectro autista, parálise cerebral ou dano cerebral adquirido. A través dos **servizos de Centro de Día e Centro Ocupacional, ofrecemos apoios personalizados orientados á mellora da calidade de vida e ao exercicio dunha cidadanía plena.**

O noso **modelo de intervención baséase na atención centrada na persoa, acompañando a cada participante na construción do seu proxecto de vida.** As actividades, obradoiros e experiencias que se desenvolven no centro deseñanse tendo en conta os seus intereses, preferencias e obxectivos persoais, fomentando a toma de decisións e o protagonismo das propias persoas usuarias.

Traballamos de maneira coordinada coas familias e cos equipos interdisciplinares da entidade para ofrecer unha resposta integral que favoreza o benestar emocional, o desenvolvemento de habilidades persoais e sociais, a inclusión na comunidade e a participación en contornos normalizados.

A través dunha metodoloxía participativa e centrada nas capacidades de cada persoa, impulsamos oportunidades de aprendizaxe, relación e ocupación significativa que fortalecen a autoestima, a independencia e a presenza activa na sociedade. Ademais, **o servizo complétase con prestacións de apoio como transporte adaptado e atención personalizada durante toda a xornada.**



APOIO RESIDENCIAL

No Fogar Amicos **ofrecemos un servizo de apoio baseado na atención centrada na persoa, garantindo un acompañamento integral, personalizado e de calidade durante as 24 horas do día, os 365 días do ano.** Este recurso está dirixido a persoas con discapacidade que precisan apoios continuados para **desenvolver o seu proxecto de vida en condicións de benestar, seguridade e autonomía.**

A persoa é o centro de toda a intervención. Por iso, **promovemos un modelo de convivencia que respecta as súas preferencias, decisións e ritmos de vida,** favorecendo a súa participación activa na planificación do seu día a día e no deseño dos seus obxectivos persoais.

O equipo profesional **adapta os apoios fomentando ao mesmo tempo a súa independencia, autodeterminación e desenvolvemento persoal.** Este traballo realízase en estreita colaboración coas familias e coas redes de apoio, reforzando vínculos e creando contornas de confianza e estabilidade.

Desde o Fogar Amicos **impulsamos tamén a participación comunitaria a través de actividades sociais, culturais, deportivas e de lecer, favorecendo a inclusión, as relacións significativas e o exercicio dunha cidadanía activa.** O noso obxectivo é que cada persoa poida vivir de acordo coas súas aspiracións, desenvolvendo unha vida plena, digna e conectada coa súa comunidade.



PROXECTOS ERASMUS

Durante 2025, Amicos consolidou a súa presenza internacional a través da participación en proxectos europeos financiados polo programa Erasmus+, reforzando a cooperación con entidades de Italia, Bélxica, Grecia, Chipre, Romanía, Austria e outros países da Unión Europea.

ALL4JOBS

Proxecto internacional orientado á mellora da empregabilidade da mocidade con discapacidade e en situación de vulnerabilidade. Durante 2025, Amicos acolleu en Boiro o primeiro encontro presencial do consorcio europeo, participando no desenvolvemento de ferramentas innovadoras para a orientación laboral, a formación e a adquisición de competencias profesionais.

INCLUSIVE PATHS

Iniciativa europea centrada na mellora da transición das persoas con discapacidade desde a educación secundaria cara á formación profesional e pos-secundaria. O proxecto traballa na identificación de barreiras educativas e na creación de recursos e metodoloxías que favorezan itinerarios formativos máis inclusivos..



MUSE – MusicArTherapy

Proxecto de cooperación europea que emprega a música e as expresións artísticas como ferramentas innovadoras para mellorar as habilidades comunicativas e profesionais das persoas que traballan no ámbito da atención e dos coidados.

Impacto europeo de Amicos en 2025

- Cooperación con entidades de máis de 7 países europeos.
- Intercambio de boas prácticas en inclusión, formación e emprego.
- Desenvolvemento de ferramentas innovadoras para a educación e a empregabilidade.
- Impulso da transformación dixital e da innovación social.
- Promoción da inclusión e da igualdade de oportunidades a nivel europeo.

Financiamento: Programa Erasmus+ da Unión Europea



APOIO FORMATIVO

En Amicos **acompañamos ás persoas no desenvolvemento do seu proxecto vital e profesional a través de itinerarios personalizados de orientación, formación e inserción laboral.** Traballamos para potenciar as súas capacidades, mellorar a súa empregabilidade e favorecer a súa participación activa na sociedade.

O noso **modelo baséase na atención centrada na persoa, adaptando os apoios ás necesidades, intereses e obxectivos de cada participante.** A través da orientación profesional, o desenvolvemento de competencias e o acompañamento continuo, promovemos a autonomía, a inclusión e a igualdade de oportunidades.

A formación constitúe un elemento clave para facilitar o acceso ao emprego e impulsar novos proxectos de vida, especialmente en sectores vinculados á innovación social, a sustentabilidade e a economía verde.



Escanea o QR para saber máis

APOIO FORMATIVO

Formación especializada

- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.
- Competencias clave para o acceso á formación e ao emprego.

Proxectos formativos e de emprego

- Programa Integrado de Emprego.
- +Emprego (Fundación "la Caixa") en Galicia e Extremadura.
- + Emprego Xoven (Fundación "la Caixa")
- Formación específica vinculada a Víctimas de Violencia de Xénero (VVX).
- Guía de Rutas Turísticas Accesibles. Formación en emprego verde vinculada ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Prevención de Riscos Laborais nas comarcas de Santiago e Pontevedra.
- Ami4CeI (Cepes)

Alianzas para o emprego verde

- Fundación ONCE · ENCE · Fundación Iberdrola · Cobre San Rafael · Grupo Puentes · Nueva Pescanova · Fundación Vertex Bioenergy · Gadisa · Vegalsa Eroski.
- Innovación e aprendizaxe dixital
- Formación en aula virtual.
- Implantación da plataforma EvolCampus.



APOIO

FORMACIÓN DUAL

Servinserta imparte formacións duais, un sistema de **ensinanza combinada na que se alterna actividade laboral retribuída con formación na aula**.

Este tipo de accións están destinadas a favorecer a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual.

Este proxecto desenvólvese ao longo de tres anos co obxectivo de cualificar ás e aos participantes a través de experiencias profesionais para obter o certificado final.

Oficina de Validación Cognitiva

Permite obter o certificado profesional de Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais.

Inclúe formación complementaria en accesibilidade cognitiva, lectura fácil e adaptación de contidos a linguaxe comprensible.

Natura II

Baseado no certificado profesional de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

Incorpora formación práctica relacionada coa recuperación de ecosistemas mariños e terrestres, restauración ambiental e emprego verde.

Así, Servinserta é centro especial de emprego para a impartición deste tipo de formacións, financiadas pola Xunta de Galicia.



EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL E CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

A través de **Servinserta Centro Especial de Empleo e Properdis Empresa de Inserción Laboral e Biomans**, Amigos promove un modelo de **emprego inclusivo vinculado á conservación do medio natural e á sustentabilidade ambiental**. Estas iniciativas permiten crear oportunidades laborais para persoas con discapacidade e persoas en situación ou risco de exclusión social, contribuíndo ao mesmo tempo á mellora e protección do territorio.

A **actividade desenvólvese principalmente no ámbito forestal e ambiental, mediante actuacións de reforestación, restauración de espazos degradados, mantemento de masas forestais, prevención de incendios, eliminación de especies exóticas invasoras e recuperación da biodiversidade**. Tamén se realizan traballos de conservación e acondicionamento de ríos, áreas naturais e infraestruturas verdes, favorecendo a protección dos ecosistemas e a posta en valor da contorna.

A través destes proxectos, as persoas participantes adquieren experiencia profesional en sectores estratéxicos **vinculados ao emprego verde, desenvolvendo competencias técnicas e laborais que melloran a súa empregabilidade e favorecen a súa inclusión social**. Deste xeito, Amigos reforza o seu compromiso cun modelo que integra creación de emprego, innovación social e coidado do patrimonio natural, xerando beneficios tanto para as persoas como para o territorio.

Servinserta
CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO


PROPERDIS
EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL

BIOMANS
EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL
·EIL SLU·



1.780

SOPORTES DE LAMINARIA
DEVUELTOS AL MAR

668

GORGONIAS
DEVUELTAS AL MAR

PROXECTO **CABALGA**

Durante 2025, Amigos continuou desenvolvendo o proxecto CABALGA, unha iniciativa de innovación ambiental orientada á recuperación e conservación de ecosistemas mariños vulnerables.

O proxecto combinou coñecemento científico, colaboración co sector pesqueiro e participación social para impulsar accións de restauración ecolóxica en espazos mariños protexidos.

Entre as actuacións realizadas destacan a recuperación de comunidades bentónicas e a restauración de hábitats de alto valor ecolóxico, mediante a reintrodución de laminarias, gorgonias e outras especies clave para a biodiversidade mariña. En Galicia, os traballos centráronse especialmente no ámbito do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, contribuíndo á mellora da resiliencia dos ecosistemas e á conservación dos recursos naturais.

CABALGA destacou tamén polo seu compoñente inclusivo, favorecendo a participación activa de persoas con discapacidade en accións de conservación ambiental e sensibilización, demostrando que a protección da natureza e a inclusión social poden avanzar da man.

O proxecto desenvolveuse co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa Pleamar, e están cofinanciados pola Unión Europea mediante o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)..



PROXECTO **LABMAR**

Ao longo de 2025, Amicos impulsou o proxecto LAB-MAR, un laboratorio participativo para a prevención e valorización de residuos mariños desenvolvido en colaboración con entidades do sector pesqueiro e marisqueiro. A iniciativa promoveu a cooperación entre o ámbito ambiental, empresarial e social para avanzar cara a unha economía circular e azul máis sostible.

O proxecto centrouse na prevención dos residuos mariños, a sensibilización ambiental e a procura de solucións innovadoras para a reutilización e valorización de materiais recuperados. Entre as accións desenvolvidas destacan a creación dun comité técnico especializado, actividades formativas inclusivas, espazos de innovación colaborativa e campañas de concienciación dirixidas á cidadanía e aos profesionais do mar.

LAB-MAR reforzou o compromiso de Amicos coa sustentabilidade ambiental, a innovación social e a xeración de novas oportunidades vinculadas á economía circular, favorecendo ademais a participación activa das persoas con discapacidade en proxectos de conservación e protección do medio mariño.

LAB-MAR desenvolveuse co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa Pleamar, e están cofinanciados pola Unión Europea mediante o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).



